

Xullo-Agosto

As feridas da conciencia



MANUEL ROSALES

Aespera do seu pasamento, na neboenta conciencia de Antón Canzobre hai un punto negro que a súa mente se nega a revelar.

Narrado en terceira persoa e en sintonía con outras narracións testemuñais da Guerra Civil, Manoel Riveiro Loureiro (*A Coruña*, 1933) amosa nesta noveliña, premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta de 2005, as súas constantes narrativas. Obsérvase de novo esa tensión entre presente e pasado, agora marcada polas experiencias da Guerra Civil e visualizada desde unha perspectiva ideolóxica que non por iso lle resta credibilidade narrativa á novela.

Ata a descuberta dese baldón avergoñante, apenas intuído pero que se descobre nas derradeiras páxinas do libro, a voz narrativa prosegue teimuda e ofrécenos a crónica individual, e mesmo colectiva, dunha época de violencia, un pasado de represión e medo, capaz de botar por terra os máis altos valores do ser humano. Trátase dunha narrativa fragmentada, abalando entre o presente e o pasado magoante na que o narrador entra omniscientemente no interior dos personaxes para ofrecernos a súa propia visión dos acontecementos, como unha estratexia de procurar un novo discurso histórico.

Utilizando unha dobre estruturación temporal, ese mundo narrativo ofrécesenos en dous planos integrados con plena naturalidade na procura do segredo final: o presente máis inmediato intentando dialogar co pasado para recuperar fragmentos dunha memoria esnaquizada polo paso do tempo e os avatares ocorridos en dous meses (xullo e agosto) do ano 1936. O personaxe central, Antón, vai definindo a súa identidade na recupera-

ción desa memoria, obrigado a conciliar as múltiples contradicións que o caracterizan. Unha novela de interrogación testemuñal que non por iso deixa de lado a captación do clima vivido nese período negro da nosa historia. Asistimos a unha sublevación que veu dar en guerra sanguiñenta e cruel, no recinto do Arsenal de Ferrol, tras ser nomeado o protagonista cabo de mar no cruceiro “Almirante Cervera.” Os ataques á Casa do Concello, sendo alcalde Xaime Quintanilla, polos falanxistas de Ferrol; as loitas encarnizadas



entre as unidades sublevadas e as que seguen na fidelidade á República; as fuxidas, ocultamentos e outras experiencias vividas polos sobreviventes da Guerra Civil están postas de manifesto nesta lectura exaltada e á vez desacougante, na que se describen eses dous meses (xullo e agosto) de traxedia e paixón, de covardía e heroísmo. Quizá o seu valor sexa, nesa sucesión rápida de estampas, ser capaz de mostrarnos con sinxeleza e vigor, tras a desorde e o desconcerto desa sublevación, as pegadas anímicas nun ser con remorsos.

RIVEIRO LOUREIRO, Manoel, Xullo-Agosto, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2006, 136 páxinas